



## Concello de Campo Lameiro

**ASUNTO:** ACTIVIDADE DESFILE ENTROIDO 2023

**TRAMITE:** BASES REGULADORAS

### **BASES XERAIS REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**

#### **1. CONVOCATORIA**

O concello de Campo Lameiro convoca os Premios do Entroido 2023.

Poderán participar cantas persoas o desexen co requisito de facer previamente a inscrición nas oficinas do Concello de Campo Lameiro, Praza de Pontevedra n ° 1 - 36110 Campo Lameiro, en horario de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas - telefono 986.75.20.34 - E- mail [info@campolameiro.com](mailto:info@campolameiro.com). No caso de inscrición antes do 4 de Marzo de 2023, o día do desfile é obrigatorio que pasen polo Concello a recoller o dorsal entre as 15:30 horas e as 16:30 horas.

A inscrición TAMÉN SE PODE FACER O PROPIO DÍA 4 DE MARZO DE 2023 DE 15:30 A 16:30 HORAS, no Concello de Campo Lameiro.

#### **2. CATEGORÍAS**

Se establecen as seguintes categorías de premios:

- **INFANTIL.** Poderán participar nenos/nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 16 anos.  
Nesta categoría haberá dúas modalidades: "Individual" e "Grupo"
- **ADULTOS.** Nesta categoría haberá dúas modalidades: "Individual" e "Grupo"
- **COMPARSAS.** Única categoría para grupos de máis de 10 persoas.
- **ESPECIAIS DE ANIMACIÓN.** Para aquela persoa ou grupo que destaque na animación no seu conxunto, incidindo na participación das persoas tanto activa como pasivamente.
- **PREMIO ESPECIAL DO XURADO.** Este premio valorará a posta en escena, as especiais dificultades técnicas, o traballo en conxunto, deseño de materiais utilizados, orixinalidade, posta en escena ...

#### **3. ORGANIZACIÓN.**

O desfile terá a saída ás 17:00 horas DO DÍA 4 DE MARZO DE 2023 dende a estrada VEIGAS SAN MIGUEL ata ESTRADA A CODESEDA con percorrido por as rúas (VEIGAS SAN MIGUEL, BERNARDO SAGASTA E CARRETERA A CODESEDA).-

A entrega de premios se efectuará na Praza do Concello de Campo Lameiro.

Os/as concursantes deberán levar en lugar ben visible o dorsal identificativo, que lles será entregado no momento da ESTAR INSCRITOS.

**Concello de Campo Lameiro**

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





## Concello de Campo Lameiro

Non está permitido o uso de pirotecnicia de ningún tipo.

Os/as concursantes serán responsables dos danos que poidan ocasionar A TERCEIROS OU A BENS PÚBLICOS con elementos ou artiluxios que utilicen no seu propio disfraz ou nos elementos anexos do propio Grupo.

A concorrencia aos actos supón a plena aceptación das Bases aquí expostas.

A non observancia de algún dos puntos sinalados nas Bases dará lugar á inmediata descalificación do/da concursante, ou concursantes.

Conforme á lexislación vixente, os premios se verán afectados pola retención fiscal vixente, e que corresponda en función da súa natureza. Se practicarán á persoa ou persoas que realicen o cobro dos premios.

### 4. PREMIOS

#### INDIVIDUAL NENOS/AS

1º PREMIO: 40€  
2º PREMIO: 30€  
3º PREMIO: 20€  
4º PREMIO: 15€  
5º PREMIO: 10€

#### GRUPO NENOS/AS

1º PREMIO: 100€  
2º PREMIO: 70€  
3º PREMIO: 50€  
4º PREMIO: 40€  
5º PREMIO: 30€

#### INDIVIDUAL ADULTOS

1º PREMIO: 100€  
2º PREMIO: 70€  
3º PREMIO: 50€  
4º PREMIO: 35€

#### GRUPO ADULTOS

1º PREMIO: 320€  
2º PREMIO: 190€  
3º PREMIO: 140€  
4º PREMIO: 110€

#### PREMIOS ESPECIAIS DE ANIMACIÓN

3 PREMIOS DE 100€

#### PREMIO ESPECIAL XURADO:

1 PREMIO DE 200€

#### COMPARSAS

1 PREMIO DE 375€  
1 PREMIO DE 360€  
1 PREMIO DE 350€

## Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84





## Concello de Campo Lameiro

7 PREMIOS DE 325€

### 5. ENTREGA DE PREMIOS.

A organización nomeará ó xurado que outorgará o fallo aos distintos premios.

Os premios, se así o estimase o xurado, poderán declararse desertos.

O fallo do xurado será inapelable.

Os premios se poderán recoller nas oficinas do Concello o propio día do desfile, 4 de marzo de 2023.

Ou ben, se aboarán a través de transferencia bancaria, facilitando os asistentes datos da conta bancaria.

Para o pagamento dos premios deberá constar a seguinte documentación:

- DNI da persoa individual ou representante do grupo, con expresa mención de que actúa en representación.
- Para os menores, xunto co DNI do/a premiado/a, copia do DNI do seu pai, nai ou titor legal.
- Se fose o caso, certificado da conta bancaria.

### 6. PROTECCIÓN DE DATOS

Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos facilitados polas persoas serán obxecto de tratamento nun ficheiro, cuxa finalidade será a xestión de inscricións e a entrega de premios. Os datos NON serán obxecto de cesión.

O/A interesado/a poderá revocar o seu consentimento sen efectos retroactivos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro - concello de Campo Lameiro - [dirección](#) Praza de Pontevedra nº 1 - 36110 Campo Lameiro, Pontevedra.

Campo Lameiro a 21 febreiro de 2023

O alcalde/ Carlos Costa Domínguez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

